



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

BANDO

OBRIGAS DE XESTIÓN DA BIOMASA

En cumprimento da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, lembramos a toda a veciñanza a importancia de respectar as distancias das plantacións, manter o monte limpo e facernos responsables das nosas propiedades.

O artigo 22.1 desta Lei establece que as persoas propietarias ou titulares de solares ou parcelas situadas en solo urbano, urbanizable e núcleo rural, deberán:

- xestionar a biomasa incluída, de ser o caso, a retirada de especies arbóreas **antes de rematar o mes de maio**.
- xestionar a biomasa vexetal nunha **franja de 50 metros** perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais e tamén arredor das edificacións illadas en solo rústico.

O incumprimento destas obrigas poderá conlevar a imposición de multas coercitivas reiterables cada tres meses, en contía de 900 euros por hectárea, cun mínimo de 100 euros, ata a correcta execución dos traballos de xestión e, en calquera momento, o Concello poderá decretar a execución subsidiaria dos traballos repercutindo o custo dos mesmos á persoa obrigada.

Asemade os danos que se poidan ocasionar nos bens ou propiedades lindeiras, no caso de verse afectadas por incendios forestais, será responsabilidade das persoas obrigadas a xestionar a biomasa.

Lembramos os seguintes teléfonos de interese (chamadas gratuítas):

- Avisos de incendios 085.
- Denunciar actividades incendiarias ao 900 815 085.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca